

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
DNI	Data de nacemento		
Domicilio, rúa e nº	Provincia	Localidade	Teléfono

NO CASO DE PRESTAR SERVIZOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

Vinculo xurídico	Categoría profesional
Situación administrativa	
Destino actual	

SOLICITO

Posto	Centro
-------	--------

División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Resolución do 19 de maio de 2008 pola que se aproba a convocatoria ordinaria de avaliación para a contratación como profesor universitario polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten atribuída, a través da disposición adicional vixésimo sétima da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, dentro do ámbito da súa comunidade autónoma, a competencia para realizar as avaliacións das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado para poder ser contratado en determinadas figuras polas universidades do sistema universitario de Galicia (SUG), de conformidade co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e co Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario.

Coa aprobación da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 23 de xuño de 2004 pola que se aproba o protocolo de avaliación para a contratación de profesorado polas universida-

des integrantes do sistema universitario de Galicia, e da Orde do 18 de agosto de 2005, pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia, completouse o sistema para avaliar as actividades docentes, investigadoras e de xestión, para a contratación do profesorado, establecido a través do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG e na Orde do 1 de abril de 2003 que aproba os criterios xerais de informe e avaliación.

Coa entrada en vigor o 3 de maio de 2007, da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modifícanse algúns aspectos relativos aos artigos reguladores das avaliacións previas necesarias para poder ser contratado como profesor universitario. O desenvolvemento regulamentario que se fixo por parte da Comunidade Autónoma de Galicia seguirá sendo de aplicación en tanto non contradiga o disposto nesta lei orgánica.

En relación coas novidades máis importantes, cabe indicar que para solicitar a avaliación para a figura de contratado doutor xa non será necesario acreditar un mínimo de tres anos de experiencia postdoutoral, e respecto da avaliación para a figura de axudante doutor, deberase facer referencia expresa á puntuación acadada polo solicitante no punto do

baremo desta figura, publicado pola Orde do 23 de xuño de 2004, relativo a estadías en centros autonómicos, nacionais e internacionais.

Así mesmo, en tanto o Goberno non estableza regulamentariamente (de conformidade co establecido na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades) as condicións e prazos en que as universidades, de modo excepcional, poderán contratar profesores colaboradores; deixarase de emitir por parte da ACUSG o informe para esta figura.

De conformidade co exposto, o presidente do Consello de Dirección da ACSUG, en virtude das competencias delegadas por Resolución do 21 do setembro de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* do 3 de outubro),

RESOLVE:

Primeira.-*Obxecto.*

Apróbase a convocatoria para a presentación de solicitudes por parte dos interesados que desexen obter a avaliación exixida para poder ser contratados como persoal docente e investigador por algunha das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (SUG), como profesor contratado doutor, profesor de universidade privada e profesor axudante doutor de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril; e que debe emitir a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Segunda.-*Destinatarios.*

1. Poderán presentar a súa solicitude todas aquelas persoas que desexen obter a avaliación a que se fai referencia na base anterior, que non se atopen en ningún dos suposto regulados nos artigos 2º, 3º e 4º da Orde do 18 de agosto de 2005, pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada e profesor axudante doutor (*Diario Oficial de Galicia* do 1 de setembro).

2. Cando algunha das persoas que se atopen nos supostos excluídos no parágrafo anterior solicite a avaliación á ACSUG, esta, unha vez percibida desta circunstancia, arquivará a solicitude comunicándolle ao interesado a non procedencia da súa solicitude.

Terceira.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes de avaliación, de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, dirixiranse ao presidente do Consello de Dirección da ACSUG e, sen prexuízo do establecido na base seguinte, presentaranse no modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo I a esta resolución. As solitu-

des poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberán indicar para cal ou cales das modalidades contractuais solicitan a avaliación. No caso de que esta se solicite para máis dunha figura contractual, farase na mesma instancia.

2. Os solicitantes, xunto co modelo normalizado de instancia (anexo I) presentarán a seguinte documentación:

Fotocopia de documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente).

Título de doutor.

Curriculum vitae, que deberá facerse no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo II.

Cuarta.-*Requisitos de presentación das solicitudes.*

1. O modelo de instancia (anexo I) e de *curriculum vitae* (anexo II) deberán cubrir en formato dixital, na aplicación informática a que se poderá acceder na páxina web www.acsug.es. Unha vez cubertos estes documentos en formato dixital, deberán de imprimir e asinar debidamente (o *curriculum vitae* deberá estar asinado en todas as páxinas). Unha vez feito isto, presentaranse ante a axencia do xeito que se establece na base anterior, xunto cos demais documentos que se relacionan nela.

2. Achegarase unicamente unha copia de todos os documentos que se presenten, con independencia do número de figuras contractuais para as que se solicita a avaliación.

Quinta.-*Xustificación dos méritos curriculares.*

1. Os interesados deberán xustificar adecuadamente os méritos curriculares que aleguen, sen prexuízo do cal os méritos que se relacionan a seguir soamente serán tidos en conta cando se xustifiquen do xeito que expresamente se indica:

-A docencia universitaria regrada xustificarase cun certificado da secretaría xeral ou da correspondente vicerreitoría da universidade en que se prestase aquela, no cal deberán constar as materias e o número de créditos impartidos.

-O expediente académico xustificarase a través dun certificado expedido pola autoridade competente.

-Os cursos e másteres recibidos xustificaranse co correspondente certificado en que conste o número de horas.

-As bolsas e as axudas deberán acreditarse a través da credencial emitida polo organismo pagador.

-Os proxectos e contratos de investigación competitivos e non competitivos deberán xustificarse coa documentación en que conste a súa concesión por parte do organismo pagador e as características, o

posto ocupado como membro do proxecto e o seu carácter internacional, interuniversitario ou interdepartamental.

-A actividade profesional desenvolvida deberase xustificar prioritariamente coa presentación da copia dos correspondentes contratos de traballo e o certificado de vida laboral da Seguridade Social.

-Para acreditar libros, artigos e demais publicacións será suficiente con entregar unha copia simple da primeira e última folla, índice e folla onde figure o ISBN, ISSN, depósito legal, etc.

-No caso de traballos aceptados e pendentes de publicación, xustificarase cun certificado da editorial ou organismo responsable da publicación.

2. Deberase cotexar toda a documentación de que se dispoña dun documento orixinal (títulos de doutorado, licenciado, arquitecto, diplomado, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico; títulos de másteres; certificado do expediente académico; documentos acreditativos de premios extraordinarios; certificados de cursos, seminarios e de asistencia a congresos; credenciais de bolsas, contratos laborais, ou calquera outro achegado polo solicitante de utilidade para a resolución da convocatoria).

3. Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, non se admitirá ningunha documentación xustificativa dos méritos curriculares. As correspondentes avaliacións faranse con base nos xustificantes dos méritos que achegasen os interesado ata ese momento.

4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a ACSUG poderá requirir dos solicitantes as aclaracións e concrecións que considere oportunas en relación aos méritos alegados nos seus curricula, sempre que fosen xustificados con anterioridade a que rematase o prazo de presentación de solicitudes.

5. De conformidade co artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas do procedemento administrativo común, no caso de que xa se solicitase a avaliación en anteriores convocatorias, non será necesaria a presentación da documentación xustificativa dos méritos curriculares a que se refire esta base que xa se atopen en poder da ACSUG. Esta circunstancia farase constar na solicitude. Os méritos curriculares obtidos con posterioridade á anterior solicitude de avaliación deberán ser xustificados.

Sexta.-Admisión a trámite, emenda e mellora da solicitude.

1. A ACSUG comprobará que as solicitudes presentadas no prazo cumplan cos requisitos establecidos polo artigo 13.4º do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG (*Diario Oficial de Galicia* do 4 de xuño de 2003), pola Orde do 23 de xuño de 2004 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se aproba o protocolo de avaliación para a contratación de profesorado polas uni-

versidades integrantes do sistema universitario de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* do 5 de xullo de 2005) e demais normativa de aplicación, en tanto non se entendan derogados tacitamente pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril.

2. Cando as solicitudes presentadas no prazo non reúnan os requisitos exixidos no punto primeiro do artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou non xunten os documentos exixidos no punto segundo da base terceira desta resolución, requirirase o interesado para que proceda á súa emenda de conformidade co disposto no artigo 71 da citada Lei 30/1992; de non facelo, considerarase desistido da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos no citado artigo.

Sétima.-Prazo.

O prazo para a presentación das solicitudes será de 40 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitava.-Procedemento de avaliación.

1. Unha vez asignados pola ACSUG os curricula dos solicitantes, atendendo ao criterio indicado no artigo 8 da Orde do 23 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 5 de xullo de 2004), ao correspondente comité de asesores expertos, o referido comité procederá á súa avaliación do xeito disposto no protocolo e baremos de avaliación establecidos pola citada Orde do 23 de xuño (títulos II e III).

2. A avaliación dos curricula, en cada figura contractual que o interesado solicitase, emitirase por consenso da maioría dos membros do comité, e estará motivada no caso de ser negativa. Á vista das avaliacións emitidas polos comités de asesores expertos, a CGIACA emitirá a proposta motivada de avaliación de cada unha das solicitudes avaliadas.

Novena.-Acordos de avaliación.

1. As propostas emitidas pola CGIACA serán vinculantes para o Consello de Dirección da ACSUG, que, de conformidade con elas, adoptará os correspondentes acordos, tamén motivados, que serán notificados segundo o establecido no artigo 89 da Lei 30/1992, a cada solicitante, persoal e directamente, no prazo máximo dos seis meses seguintes á presentación da solicitude.

2. As avaliacións positivas non teñen prazo de caducidade unha vez obtidas, e terán validez para as universidades integrantes do sistema universitario de Galicia.

Décima.-Recurso.

Os acordos do Consello de Dirección esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co dispo-

to no artigo 116 da Lei 30/1992, poderán ser impugnados en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeira.-*Protección de datos de carácter persoal.*

Nesta convocatoria cúmprese co indicado na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), poñendo en coñecemento dos interesados o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, que poderán exercer mediante escrito dirixido á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, Lamas de Abade, s/n, CIFP Compostela 5º andar, 15702, Santiago de Compostela (A Coruña).

Décimo segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2008.

Guillermo Rojo Sánchez
Presidente do Consello de Dirección da Axencia
para a Calidade do Sistema Universitario
de Galicia

ANEXO I

Solicitude de avaliación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

1. Datos do solicitante.

1º Apelido	2º Apelido	Nome
DNI ou equivalente	Data de nacemento	Sexo

2. Enderezo do solicitante para efectos de notificación.

Dirección		
Código postal	Cidade	Provincia
Teléfono	Fax	Correo electrónico

3. Finalidade da avaliación. Marcar cun X a figura para a cal se solicita a avaliación.

<input type="checkbox"/>	Profesor contratado doutor
<input type="checkbox"/>	Profesor axudante doutor
<input type="checkbox"/>	Profesor de universidade privada

4. Área de coñecemento.

Sinalar ata un máximo de tres, por orde de preferencia. Esta información terá efectos para a adscrición da solicitude aos campos da avaliación por parte da ACSUG. A ACSUG non emitirá avaliacións vinculadas a unha área de coñecemento específica (ver catálogo de áreas de coñecemento publicado na Orde do 23 de xuño de 2004, no seu anexo I, *Diario Oficial de Galicia* do 5 de xullo de 2004).

1.-	Código:
2.-	Código:
3.-	Código:

5. Incorporación da documentación xustificativa en poder da ACSUG.

Cubrir no caso de que se desexe que a documentación xustificativa dos méritos curriculares que se presentasen con anterioridade se incorpore a esta solicitude, sempre que se solicitase con anterioridade a avaliación ou informe (o *curriculum vitae* deberá, en todo caso, estar actualizado e presentarse do xeito indicado nesta resolución. Os méritos curriculares obtidos con posterioridade á anterior avaliación ou informe deberán ser xustificados).

Código do expediente da avaliación ou informe anterior:

Santiago de Compostela, de de 200

Sinatura do solicitante

Presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

De acordo coa Lei orgánica de protección de datos, infórmaselle que os seus datos persoais van ser incorporados a un ficheiro automatizado, o cal ten a finalidade de avaliar as persoas solicitantes da acreditación segundo as bases da presente convocatoria. Ponse no seu coñecemento o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais mediante escrito dirixido á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, Lamas de Abade, s/n, CIFP Compostela 5º andar, 15702, Santiago de Compostela (A Coruña).

Marque cun X este cadro se desexa colaborar coa ACSUG en análises estatísticas e de medición da satisfacción.

Marque cun X este cadro se desexa que a ACSUG lle comunique a través do correo electrónico indicado a resolución provisoria da valoración.

ANEXO II Curriculum vitae

Nome e apelidos: -----

O abaixo asinante declara seren certos os datos que figuran neste curriculum, asumindo, en caso contrario, as responsabilidades que puideren derivar das inexactitudes que consten nel.

É necesario asinar á marxe de cada unha das follas.

Este CV preséntase sen prexuízo de que no proceso de avaliación se poida requirir o interesado para ampliar a información aquí contida.

Santiago de Compostela, de de 200

Sinatura:

1. Datos persoais:

Apelidos:
Nome:
DNI:
Data nacemento:
Sexo:

2. Situación profesional actual:

Organismo ou entidade:
Categoría profesional:
Actividade que desenvolve:
Data inicio:

3. Actividades anteriores de carácter científico ou profesional:

Datas:
Posto:
Institución:
Actividades desenvolvidas:

4. Formación académica:

• Títulos:

Diplomatura/licenciatura/enxeñaría:
Centro:
Data:

• Doutoramento:

Doutoramento:
Centro:
Data:
Director(es) de tese:
Título da tese:

• Axudas ou bolsas:

Axudas e bolsas:
Finalidade:
Entidade financiadora:
Duración:
Centro ou institución:

5. Publicacións científicas: claves: L: libro; CL: capítulo de libro; A: artigo; R: revista; E: editor; PCI: publicación científica internacional; PCE: publicación científica estatal; PCA: publicación científica autonómica; PCL: publicación científica local.

L	CL	A	R	E	PCI	PCE	PCA	PCL
Autor/es:								
Título:								
Libro:						Revista:		
Volume:		Páxinas:		Editorial:		Ano:		
Clave:								

6. Patentes, modelos de utilidade e outros resultados de investigación:

Inventores:
Título:
Nº solicitude:
País prioridade:
Data prioridade:
Entidade titular:
Países a que se estendeu:
Empresa(s) que a explotan:

7. Proxectos de investigación:

Título proxecto:	
Entidade financiadora:	
Duración desde:	Ata:
Investigador principal:	
Tipo de participación do solicitante:	

8. Participación en contratos de investigación:

Título do contrato:	
Empresa ou administración financiadora:	
Duración desde:	Ata:
Investigador responsable:	
Tipo de participación do solicitante:	
Resultados máis relevantes:	

9. Estadías en centros españois e estranxeiros:

Centro:
Localidade:
País:
Ano:
Duración:
Tema:
O solicitante realizou a súa estadía en calidade de:

10. Contribucións a congresos, xornadas, seminarios, conferencias...:

Autores:
Título:
Tipo de participación:
Congreso:
Publicación:
Lugar de celebración:
Ano:

11. Asistencia a congresos, xornadas, seminarios, conferencias ...:

Título:
Carácter:
Lugar de celebración:
Ano:

12. Teses doutorais dirixidas:

Título:
Doutorando:
Programa:
Universidade:
Ano:
Calificación:
Membros do tribunal:

13. Obras artísticas:

Descrición:
Datas:
Exposición, catalogación ou publicación, se é o caso:

14. Experiencia docente:

Centro:

Dpto/facultade ou escola/instituto:
Localidade:
País:
Ano:
Título do curso impartido:
Diplomatura/licenciatura/enxeñaría/doutoramento:
Nivel do curso (destinatarios):
Duración:
Contidos principais:
Avaliación sobre a calidade da docencia impartida:
Material docente orixinal/tipo/soporte:

15. Formación para a docencia:

Estadías en centros:
Participación en cursos ou programas específicos:
Desenvolvemento de proxectos de innovación docente:
Outros:

16. Experiencia profesional:

Entidade:
Categoría:
Lugar:
Duración:
Actividade desenvolvida:
Relevancia para o campo científico:

17. Experiencia en xestión:

Posto ou cargo:
Lugar:
Duración:
Actividade desenvolvida

18. Postos ou cargos académicos:

Posto ou cargo académico:
Lugar:
Duración:
Actividade desenvolvida

19. Outros méritos relevantes que o solicitante desexa facer constar:

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 2 de maio de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, relativo ás puntuacións definitivas, á conclusión da fase de oposición e á apertura do prazo da fase de concurso.

O número 1 da base sexta B) da Resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG nº 156, do 14 de agosto), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón que, rematada na súa totalidade a fase de oposición, o tribunal publicará un acordo no *Diario Oficial de Galicia*, no que se declarará rematada a fase de oposición e se abrirá un prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da súa publicación, para que estes aspirantes acheguen a documentación acreditativa dos méritos que aleguen.

Ademais, o punto 11 da base sexta A), establece que tras a publicación das puntuacións dos exercicios, os aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da devandita publicación.

A estimación ou desestimación destas reclamacións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique as puntuacións definitivas dos distintos exercicios.

Á vista das reclamacións presentadas en prazo ao terceiro e cuarto exercicios, cada tribunal confirmou as listaxes de puntuacións definitivas outorgadas aos aspirantes.

Adoptado o acordo de finalización da fase de oposición polos respectivos tribunais, procede agora darlle publicidade no *Diario Oficial de Galicia*, facultándose para iso expresamente esta División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, polo que

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar as puntuacións definitivas do terceiro e cuarto exercicios acadadas polos aspiran-

tes das categorías do grupo técnico da función administrativa e do grupo de xestión da función administrativa de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, convocado pola Resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG nº 155, do 14 de agosto).

A estimación ou desestimación das devanditas reclamacións entenderanse implícitas nesta resolución de publicación.

Segundo.-Declarar rematada a fase de oposición destas categorías, e publicar a relación alfabética e a relación pola orde de puntuación alcanzada no conxunto dos exercicios dos aspirantes que superaron a fase de oposición das citadas categorías, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web www.sergas.es.

Terceiro.-Abrir o prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que estes aspirantes presenten a documentación acreditativa dos méritos que aleguen nos seguintes lugares:

- a) Na Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.
- b) Na División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.
- c) Nas delegacións provinciais da Consellería de Sanidade.
- d) Nas direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde.
- e) Nos servizos de persoal dos centros ou complexos hospitalarios da rede pública do Servizo Galego de Saúde.
- f) Nos servizos de persoal das administracións dos centros de xestión de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.
- g) A través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.-Todos os aspirantes que superaran a fase de oposición, deberán achegar no modelo contido no anexo I desta resolución os méritos que aleguen xunto coa fotocopia compulsada do seu DNI, así como a seguinte documentación, pois do contrario quedarían excluídos do proceso selectivo:

- a) Fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso na correspondente categoría.
- b) Os participantes que accedan polas quendas de promoción interna e de discapacitados deberán achegar, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa, segundo os requisitos descritos nos puntos 2 e 3 da base segunda da convocatoria.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional